



BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE UNHA TRABALLADORA SOCIAL A XORNADA COMPLETA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE TRABADA AO ABEIRO DO “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022 PLAN PROVINCIAL ÚNICO”.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso- oposición de un **TRABALLADOR SOCIAL** a xornada completa para ser contratado como persoal laboral temporal ao abeiro do Programa Fomento **do emprego 2022 do Plan Provincial Único 2022**.

Esta colaboración se materializa a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo do 100% dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

Visto que a Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, dispón no seu artigo 20.catro que durante o ano 2022 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Resulta imprescindible reforzar os servizos sociais municipais a fin de poder prestar os mesmos en termos de eficiencia e paliando a evidente distorsión entre o tamaño da plantilla de persoal e as necesidades do mesmo. Dende o 2020 estanse tramitando multitude de expedientes de servizos sociais (axudas sociais, emerxencia social, tramitación de altas e baixas no Servizo de Axuda no Fogar,...).

A duración do vínculo do servizo concertaranse cunha duración determinada de **6 meses, rematando en todo caso antes do 31 de outubro de 2023** e a xornada completa.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 18



supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso - oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Trabada así como na páxina web da Excmá Deputación Provincial de Lugo, na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>).

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARACTERÍSTICAS

2.1 O vínculo do servizo terá as seguintes características:

- Denominación da praza: Traballador/a social.
- Réxime Xurídico: Persoal laboral temporal (contrato de 6 meses).
- Grupo de titulación: Grupo 2
- Outras Características:

1.- Xornada completa: 37,5 horas á semana

2.- Soldo bruto mensual (incluída a parte proporcional das pagas extras): 1.657,24 €/mes.

- As funcións do posto de traballo serán as de apoio á Traballadora Social dos Servizos Sociais municipais e substitución da mesma no caso das vacacións, permisos, baixas,

3.-FUNCIÓNS

O obxecto do vínculo do servizo de carácter temporal que se celebre a resultas do proceso de selección estará integrado polas funcións propias dun traballador social realizando traballos urxentes e inaprazables no ámbito dos servizos sociais e tramitando expedientes relacionados con axudas sociais, emerxencia social, tramitación de altas e baixas no Servizo de Axuda no Fogar, tramitación de expedientes relacionados con incapacidades parciais ou permanentes, solicitudes para a Residencia de ancianos,...

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Posuir a titulación de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

f) Contar con permiso de conducir e vehículo propio e dispoñible para desprazamentos

g) Acreditación do coñecemento da lingua galega: Fotocopia cotexada do Celga IV, título de iniciación ou titulación equivalente, ou certificado orixinal expedido polos

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 18



Centros educativos correspondentes.

h) Estar inscrito na Oficina de Emprego en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación da Oficina de Emprego e/ou cun informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Conforme ao artigo 11.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022, publicadas no BOP de Lugo número 6 do día 10 de xaneiro de 2022, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego, quedando excluídos os custes e persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

5. SOLICITUDES.

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase á Sra. Alcaldesa do Concello de Trabada, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria na sede electrónica do Concello (<https://trabada.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- c) Declaración responsable, asinado pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 18



impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) Fotocopia cotexada do Celga IV, título de iniciación ou titulación equivalente , ou certificado orixinal expedido polos Centros educativos correspondentes.

e) Copia compulsada do título de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente.

f) Copia compulsada do permiso de conducir B.

G) Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego ou, para os casos de mellora de emprego, informe de vida laboral.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na sede electrónica do Concello (<https://trabada.sedelectronica.gal>) sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, a Alcaldesa ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257





Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

A Alcaldesa nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se procurará a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 18



autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. CONCURSO – OPOSICIÓN.

FASE DE OPOSICION: EJERCICIOS DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO. (60 puntos)

Primeiro exercicio: Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I (máis 3 preguntas de reserva que deberán ser contestadas), durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo. Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 40 puntos (2,00 x pregunta) sendo necesario acadar unha puntuación de 10 para superala. As preguntas incorrectas non descontarán.

Segundo exercicio: Consistirá nunha proba de tipo práctico, relacionada co contido funcional e tarefas propios da vacante convocada e que se corresponderá, a súa vez, coas materias comprendidas no temario que figura no anexo I e na que se plantearán, por parte do tribunal, un ou varios supostos, e dirixidos a avaliar os coñecementos e capacidades das persoas aspirantes en relación co posto. O contido da dita proba será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 1 hora (60 minutos) A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 10 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesario para alcanzar dita nota mínima. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 18



NOTA: En caso de que algún dos aspirantes non presentase o certificado de CELGA 4 que demostre o coñecemento da lingua galega, será obrigatoria a realización dunha proba de carácter eliminatorio que demostre o coñecemento da lingua galega. A duración da proba será de 60 minutos e se realizará con posterioridade a realización do segundo exercicio no mesmo día.

FASE DE CONCURSO. CARÁCTER NON ELIMINATORIO. (40 puntos)

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberánse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

Os méritos están establecidos tendo en conta as funcións e tarefas que a persoa seleccionada terá que realizar habitualmente no seu posto de traballo.

A puntuación máxima total do concurso establécese **en corenta (40) puntos** e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (30 puntos)

- Experiencia profesional nos últimos quince anos como Traballador/a Social en Administracións Públicas, ata un máximo de 15 puntos. Valorarase a razón de 0,15 puntos por mes completo de servizos.
- Experiencia profesional nos últimos quince anos como Traballador/a Social en entidades privadas, ata un máximo de 15 puntos. Valorarase a razón de 0,07 puntos por mes completo de servizos.

A xustificación deste apartado farase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. (Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes).

b) ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS. (6 puntos)

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, de 20 horas ou máis, directamente relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 6 puntos.

Valorarase a razón de:

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 18



- Cursos de 20 a 49 horas: 0,50 puntos por curso.
- Cursos de 50 a 100 horas: 0,75 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos por curso

Este apartado xustificarse mediante copia do diploma ou certificación da asistencia. Non se valorarán aqueles nos que non veñan claramente especificadas as horas de duración ou haxa dúbidas sobre o contido do mesmo, nin aqueles que teñan unha antigüidade superior a quince anos.

c) COMPETENCIAS INFORMÁTICAS (2,50 puntos)

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios relativos a competencias informáticas, ata un máximo de 2,5 puntos.

Valorarase a razón de:

- Pola realización de formación sobre o manexo da aplicación informática do sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS): 0,5 puntos.
- Pola realización de formación sobre o manexo da Historia Social Única Electrónica (HSUE): 0,5 puntos.
- Pola realización de formación sobre o manexo do Programa de Asignación de Recursos PAR e o Expediente Dixital: 0,5 puntos.
- Por realización de cursos de programas informáticos específicos de xestión do servizo de axuda no fogar: 0,5 puntos.
- Por acreditación de manexo de ferramentas informáticas de tratamento de texto: 0,5 puntos.

Este apartado xustificarse mediante diploma ou certificación da asistencia orixinal ou copia compulsada.

d) COÑECEMENTO ACREDITADO DO IDIOMA GALEGO (1,50 puntos)

Neste apartado valorarase o coñecemento do idioma galego cunha puntuación máxima de 1,5 puntos.

- Curso de linguaxe administrativa galega nivel superior: 1,5 puntos

Xustificarase con copia do certificado ou título correspondente.

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 18



O Tribunal, en ningún caso, poderá valora o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

9. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

Os dous exercicios realizaranse nun mesmo día e no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, na sede electrónica do Concello (<https://trabada.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios o día, hora e lugar onde se celebrarán as probas.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello (<https://trabada.sedelectronica.gal>).

Os aspirantes deberán presentarse para a realización dos dous exercicios provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.


10. RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello (<https://trabada.sedelectronica.gal>) a puntuación total do proceso selectivo.

En caso de empate na puntuación do proceso selectivo se resolverá, en primeiro lugar tendo en conta o resultado do exame tipo test, en segundo lugar o resultado do exame práctico e en terceiro lugar a puntuación na fase de concurso.

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7YCKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 18



Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación poderá servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do plan de Fomento de emprego.

11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que icorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

12.- FORMALIZACIÓN DA RELACIÓN DE SERVIZO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, a Sra. Alcadesa resolverá o proceso e se procederá á formalización do contrato de traballo de carácter temporal por un periodo de 6 meses, sendo en todo caso o data límite de remate o 31 de outubro de 2023 e a xornada completa.

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7YCKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 18



13. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma poderán, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Trabada, o asina a Sra. Alcaldesa na data que figure á marxe;

ANEXO I.-TEMARIO

TEMARIO COMÚN:

- 1. Municipio: concepto e elementos. O término municipal. Población municipal. Padrón de habitantes.**
- 2. A potestade regulamentaria na esfera local: Regulamentos, Ordenanzas e Bandos. Procedemento de elaboración e aprobación.**
- 3. O acto administrativo. Concepto e clases. Eficacia e validez. Motivación e notificación.**
- 4. Os suxeitos no procedemento administrativo. O interesado: capacidade e legitimación. Dereitos dos cidadáns.**
- 5. Rexistros administrativos. Requisitos da presentación de solicitudes e trámites de subsanación e mellora. Términos e prazos.**
- 6. Fases do procedemento: iniciación, ordenación e instrucción. Probas e informes.**
- 7. Terminación do procedemento: resolución expresa. Silencio administrativo. Desistimento, renuncia e caducidade. Terminación convencional.**
- 8. Os recursos administrativos.**
- 9. O alcalde. Elección e competencias. Os tenentes de alcalde.**
- 10. O Pleno. Composición e competencias.**
- 11. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas.**

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7YCKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 18



TEMARIO ESPECÍFICO:

12. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
13. Lei 8/2016, de 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
14. Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
15. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
16. Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.
17. Sistema Galego de Servizos Sociais. Financiamento. Plan Concertado.
18. Sistema Galego de Servizos Sociais. Estrutura do sistema. Niveis de actuación e funcións.
19. Definición e obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais.
20. Catálogo de Servizos Sociais
21. Equipo profesional no Sistema Galego de Servizos Sociais. Profesional de referencia.
22. Funcións do Traballador Social.
23. Proceso de intervención das UTS.
24. Proceso metodolóxico. Estudo e investigación no proceso metodolóxico. Diagnóstico no proceso metodolóxico.
25. Planificación e programación no proceso metodolóxico. Execución e proxecto de intervención no proxecto metodolóxico.
26. Avaliación no proxecto metodolóxico.
27. Técnicas de traballo social.





28. **Instrumentos específicos de traballo social.**
29. **Ética profesional. Código Deontolóxico. Preámbulo. Descrición e ámbito de aplicación. Principios Xerais da Profesión. Dereitos e deberes das/dos traballadoras/es sociais. Relación coa persoa usuaria. Relación con outros/as profesionais. Relación coas institucións.**
30. **Código Deontolóxico. A confidencialidade e segredo profesional. As Comisións Deontolóxicas.**
31. **Código de Ética da Federación Internacional de Traballadores Sociais. Principios Básicos do Traballo Social.**
32. **A protección de datos. Normativa. –Ámbito, definicións e Principios. Regulamento de medidas de seguridade. Niveis de seguridade. Documentos de seguridade. Dereitos das persoas. Cesión a concelleiros da Historia Social.**
33. **Servizos Sociais Comunitarios. Servizos sociais comunitarios básicos. Requisitos xerais dos centros de servizos sociais comunitarios básicos. Expediente único, sistema de información social básico.**
34. **Ferramentas informáticas para o traballador social en Galicia: SIUSS, MATTIAS, SIGAD, HSUE, Aplicacións informáticas para a elaboración de xenogramas. Soportes documentais nos servizos sociais comunitarios**
35. **Definicións do SAAD. Niveis de protección SAAD. Graos de dependencia e baremos de valoración. Requisitos xerais para o acceso ás prestacións do SAAD e incompatibilidades. Catálogo de servizos SAAD. Prestacións Socio- económicas. Libranzas do SAAD: Libranza vinculada ao servizo. Libranza para coidados no contorno familiar. Libranza de asistencia persoal.**
36. **Dependencia. Valoración e recoñecemento da situación de dependencia. Valoración e recoñecemento da situación de dependencia nos supostos de emerxencia social. Valoración e recoñecemento da situación de dependencia para menores de 3 anos.**
37. **Dependencia. Programa de asignación de recursos (PAR). Elaboración do PIA. Seguimento do PIA. O SAF no marco dos Sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia e o SAF Básico.**
38. **Área: Familia e Infancia. Intervención dos servizos sociais en situacións risco e desamparo. Protocolo básico de actuación contra o maltrato infantil no ámbito familiar. Intervención en casos de maltrato infantil.**





39. **Área: Familia e infancia. Programas. Adopción nacional e internacional. Acollemento familiar. Puntos de Encontro Familiar. Mediación familiar. Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (Terapia familiar). Intervención educativa integral con menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto. Programa de intervención con nenos/as e adolescentes vítimas de abusos sexuais.**
40. **Área: Familia e infancia. Acreditacións: Carné familiar, Título de Familia Numerosa e Certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental. Prestacións socioeconómicas. Axudas de inclusión social. Tarxeta benvida.**
41. **Área: Inclusión social. Prestacións socioeconómicas: Renda de Inclusión Social de Galicia e Axudas de Inclusión Social. Programas: Tarxeta Social Básica (pre- pagamento ou moedeiro) para as persoas e familias en situacións de vulnerabilidade económica pola crise da COVID-19. Servizos: Equipos técnicos de Inclusión Sociolaboral.**
42. **Área: Comunidade. Centros Sociocomunitarios do Benestar.**
43. **Área: Discapacidade. Acreditacións: Recoñecemento do grao de discapacidade, Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e Tarxetas de accesibilidade (tarxeta de estacionamento e tarxeta de persoas usuarias). Prestacións socioeconómicas. Medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica. Familias de especial consideración**
44. **Área: Adiccións. Programas de prevención e reinserción social.**
45. **Área: Maiores. Prestacións socioeconómicas: Pensión non contributiva de xubilación, Complemento para titulares de PNC que residan nunha vivenda alugada. Programas: Termalismo Social e Turismo Social.**
46. **Ordenanza reguladora do acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia ou urxente necesidade.**
47. **Ordenanza reguladora do SAF no Concello de Trabada.**
48. **Bases reguladoras da Tarxeta de estacionamento no Concello de Trabada.**
49. **Intervención social con vítimas de violencia de xénero.**





**ANEXO II a).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO
PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN
(1) POSTO DE TRABAJO DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE
TRABADA, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE
O SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN.**

D/

aprovisto/a
de D.N.I. n° con enderezo na
R/n° piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Trabada para a
contratación como persoal laboral temporal a xornada completa dun traballador social.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que
reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade
recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das
administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que
me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e
que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás
Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio
das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación
equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida,
no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Trabada para a publicación dos meus datos
persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de
anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos
principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7CKJL43369NG | Corrección: https://trabada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 18



comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- Declaración responsable, asinado pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Fotocopia cotexada do Celga IV, título de iniciación ou titulación equivalente , ou certificado orixinal expedido polos Centros educativos correspondentes.
- Tarxeta de demandante de emprego expedida pola Oficina de Emprego correspondente (ou no seu caso de mellora de emprego)
- Copia compulsada do título de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente, ou certificado que corresponda.
- Fotocopia de títulos acreditativos dos méritos alegados.

En Trabada, a de xaneiro de 2023

A Alcaldesa-Presidenta

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TRABADA

Concello de Trabada

Rúa do Concello, 15, Trabada. 27765 Lugo. Tfno. 982135011. Fax: 982135257



Cod. Validación: AFYLHCE7QMQR7YCKJL43369NG | Corrección: <https://trabada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 18



ANEXO III: PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE Trabada para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE Trabada na lexislación vixente.

Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Rúa do Concello 15, 27765, Trabada (Lugo).

